

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á segregación da comunidade veciñal de vivendas sociais do Plan Parcial de As Escubichas-Sabarís-Baiona.

O grupo parlamentario da AGE quérese facer eco das demandas da comunidade veciñal de As Escubichas, unha promoción de vivendas sociais do IGVS escrituradas no ano 1997, radicada no concello de Baiona.

Esta promoción constou de 24 vivendas, cuxa situación alterouse de xeito negativo co desenvolvemento do plan parcial As Escubichas-Sabarís-Baiona, que permitiu a construción de nova vivenda libre, nun proceso urbanizador alcumado “Puente Romano” non exento de problemáticas, caso dos incumprimentos da obriga de urbanización polos promotores. Plan e urbanización que encareceron radicalmente os custos para os residentes das vivendas sociais, os cales ademais sufriron diversas irregularidades que finalmente tiveron, logo de entablar un proceso xudicial, unha resolución xudicial favorable.

Esta comunidade veciñal sufriu os prexuízos derivados das cargas da urbanización e os custes engadidos.

En data 10 de xullo do 2014, o xulgado do contencioso administrativo número 2 de Vigo emitiu a sentenza 144/14, na que estimou o recurso presentado respecto dos acordos da xunta de goberno local do 20 de agosto do 2013. A sentenza anulou o acto recorrido declarando a disconformidade a dereito da aprobación definitiva dos Estatutos da entidade urbanística de conservación. O fundamento terceiro da sentenza retrotrae todas as actuacións deixando sen efecto o acordo de febreiro do 2007, que acordara tramitar o expediente de aprobación dos devanditos estatutos, porque no

trámite prescindíuse da posibilidade de intervención por parte da veciñanza recorrente.

Sentenza que tivo un correlato no acordo da Xunta de Goberno do concello de Baiona, que con data 29 de agosto do 2014, retrotraeu as actuacións ordenando notificar o acordo de aprobación inicial dos estatutos de conservación urbanística do plan parcial As Escubichas aos titulares dos terreos do inmobles recorrentes.

O grupo parlamentar da AGE considera que para resolver de xeito definitivo a cuestión cómpre segregar a comunidade veciñal de vivendas sociais, como vén demandando a comunidade veciñal de As Escubichas, do denominado plan parcial As Escubichas-Sabarís-Baiona, dada a negativa alteración da situación cos onerosos custes para este colectivo que se desprende do actual plan parcial.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Contempla realizar unha actuación o IGVS para conquistar que a comunidade veciñal de As Escubichas sexa segregada do devandito Plan parcial?

En Compostela, a 9 de xuño do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 09/07/2015 11:34:53